

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 14 de decembro de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 14 de decembro de 2022**, ás 17.30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/62T/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2022.

2. 2022/15527X PRESIDENCIA

Fixación de prezos públicos de publicacións feitas dentro do Plan de publicacións do exercicio 2022.

3. 2022/14613Q PRESIDENCIA

Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2022.

4. 2022/15867M PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos ditados da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos do Concello de Pereiro de Aguiar.

5. MOCIÓN DE URXENCIA.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.